

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Descubra cal é a palabra intrusa para referirse a un anaco de pan:

- A) Caparuza
- B) Codelo
- C) Carocha
- D) Corrosco

2. Unha das seguintes locucións ten un significado diferente ao das outras tres. Indique cal:

- A) A favor de
- B) A prol de
- C) A beneficio de
- D) A forza de

3. En castelán, sombrilla, en galego...

- A) Viseira
- B) Tornasol
- C) Sombreira
- D) Antuca

4. En castelán, sótano, en galego...

- A) Souto
- B) Soto
- C) Sotelo
- D) Rocho

5. Un sotelo é...

- A) Un monte poboado de árbores
- B) Unha inspiración brusca debida a unha contracción súbita do diafragma
- C) Unha depresión do terreo entre montañas pola que flúe un curso de auga
- D) A parte dun edificio situada por debaixo do nivel exterior do chan

6. Indique o significado de esfolar:

- A) Estender algo en distintas direccións
- B) Tirarlle as follas ao millo
- C) Arrancar a pel
- D) Baleirar o fol

7. Son correctas todas as seguintes asociacións da forma singular-plural, EXCEPTO:

- A) Rei-Reises
- B) Mandil-Mandís
- C) Laboral-Laborais
- D) Dolmen-Dolmens

8. As seguintes palabras denominan partes do corpo, excepto:

- A) Cadeira
- B) Cachoeira
- C) Queixo
- D) Deda

9. Indique cal é a serie de palabras coa ortografía correcta:

- A) O leite. O paisaxe. A sal. A ponte
- B) O leite. A paisaxe. O sal. A ponte
- C) O leite. O paisaxe. O sal. O ponte
- D) A leite. A paisaxe. A sal. A ponte

10. Indique cal destas series de palabras é a CORRECTA:

- A) Chiminea. Vals. Lid. late
- B) Chimenea. Vals. Lide. Xate
- C) Cheminea. Valse. Lide. late
- D) Cheminea. Valse. Lid. Xate

Preguntas de reserva

1. Indique a resposta ortográficamente CORRECTA. O corazón é un:

- A) Órgano de natureza muscular, responsable da circulación do sangue que está, nas persoas, na parte media esquerda da cavidade do peito
- B) Órgano de natureza muscular, responsábel da circulación da sangue que atópase, nas persoas, na parte media esquerda da cavidade do peito
- C) Órgano de natureza muscular, responsábel da circulación da sangue que está, nas persoas, na parte media esquerda da cavidade do peito
- D) Órgano de natureza muscular, responsábel da circulación do sangue que está, nas persoas, na parte media esquerda da cavidade do peito

2. Revolver é sinónimo de:

- A) Enzoufar
- B) Barullar
- C) Mexer
- D) Arrebuxar